

Imaxes de furnas furadas e outras invencións

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1984]). “Imaxe de furnas furadas e outras invencións”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 7, 27-28. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/50>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1984). “Imaxe de furnas furadas e outras invencións”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 7, 27-28.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

IMAXES DE FURNAS FURADAS E OUTRAS INVENCIONS

Antonio Pombar

As furnas que explora a modiño o poeta Xosé María Álvarez Cáccamo no seu recente libro de poemas (1) son de moita variedade e diversa significación. Hainas abertas, onde o mar canta a súa canción de eternidade. Hainas pechadas e furadas, por dentro da lembranza, con ocos insomnes de tráxicos mencers. E xorden, tamén, nas areas solitarias da poesía, obxectos extraños inventados por unha imaxinación poética orixinal —“máquinas sensíbeis (caixas para líquidos delgados que conservaban en flutuación perenne as músicas acuáticas)” — voltada por veces á lembranza, ó sufrimento do pasado na vida.

Porque non todo neste libro é evocación. Álvarez Cáccamo constrúe o seu verso intelixentemente e sabe cales son as furnas sombrizas e as luminosas, as soterradas no subconsciente e as encalmadas na limpidez da mar. O seu libro, por certo o primeiro que escribe na nosa lingua, ten dúas direccións definidas, implantadas sobre un plano único que lle dá a necesaria unidade: a presenza do mar. Mar que fura nas furnas e espalla,

ó lonxe, máis aló da súa inmensidade, a increíble luz. O poeta baixa ás praias, en procura da revelación. Inventa un aparello —“Practica alí unha incisión temesiña, un cráter aparente —(pousa entón ollos cegos na area) con fíos de estaño”— para sondar o misterio das forzas secretas da vida. Mais non é no materialismo banal onde acha a verdade senón no alentar rítmico da mar, nese exacto “movemento calculado das augas”. O poeta intelixente non pode esculcar cos ollos deitados na materia imprecisa o misterio. Ten que facelo coa medida humana da súa intelixencia concipiente, e non sentiente (Zubiri), e é así coma caetra na formación das grandes ondas de pensamento poético que, coma as do mar, teñen o seu movemento calculado e preciso.

Neste plano mariño, abalado de ventos nús e puros que o Cáccamo ama, o poeta tracexa as súas direccións luminosas polas que devalar o seu verso. Unha, evocadora dun pasado non vivido pero si referido, anguriente, destructor. Un pasado que está aí, coa súa carga de inxusticia e de odio,

(1) Xosé M^a Álvarez Cáccamo: “Praia das furnas”, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1983.

aínda que sexa xa historia. Os poemas “Casa durmida”, “Misteriosos homes que foxen” e, sobre todos, “Furna do encontro con Darío Alvarez Limeses”, son testemuño do transmundo ferido que o poeta libera, coma unha homenaxe ós maiores, no seu verso.

A segunda liña direccional do libro, que destacamos, vai dirixida a encarar o misterio do poeta dentro da propia poesía. Aquí o Cáccamo inquire, esculca, con “artificiosa paixón”, as raigañas sutís do poema, “torso de mármore ferido — que vive nas marxes areeiras”; observa delicadamente a súa transformación de espacio narrativo en luz. Esta incisión na materia poética, que Alvarez Cácca-

mo leva axeitadamente, por tempos, con verbas escollidas, verbas de traballo fino, é importante porque o poeta o que busca, aquí, é nada menos que o acougo definitivo “na extensión casual do poema”, coma denantes o buscou, imaxe reflectida do poema, na vasta luminosidade da mar. Todo é UN (Plotino): A vida, a morte, a experiencia vividas nas súas formas nobres e a experiencia poética. Nesta liña, poemas coma “Abrir das areas”, “Obstinado poema”, ou o finísimo “O texto”, constitúen unha aportación lucidía á pescuda da poesía dentro da poesía

“para que as palabras cheguen a ser os mesmos obxectos que nomean.”